- *Esta parcela queda gravada coa servidume de paso en favor das parcelas "B1", "B2" e a n^o 477, propiedade de Josefina Serantes Beloso.*

- *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO DE NUCLEO RURAL

O resto da parcela matriz "A", queda coas características seguintes:

Nudo Propietario: VICTORIO CORES SERANTES

Usufructuarios: AGUSTIN CORES SERANTES y JOSEFA SERANTES BELOSO

Descrición - URBANA, terreo dedicado a labradío secaño, ao sitio da Granxa, parroquia de Barrantes, municipio de Ribadumia, de mil cincocentos sete metros cadrados (1.507,00 m²)

- *Lindes*

Norte A parcela "F", antes descrita

Sur Río Rande

Este A parcela "B1", antes descrita

Oeste Estrada de Noalla a Caldas de Reis.

- *Construcións existentes segundo o Catastro – 804 m² construídos con 412 m² de ocupación da parcela.*

Usos - ocio hostelería 183m² / almacen 94 m² / vivienda 147 m² / vivien da 91m² / industrial 110 m² / vivienda 77 m² / vivienda 77 m² / deportivo 25 m²

- *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO DE NUCLEO RURAL

6º.- Segregación na parcela "B1" – Parcela "E2"

Da finca "B1" descrita anteriormente proxéctase a segregación dunha parcela (E2), para agrupar coa parcela "F", descrita anteriormente, coas seguintes características:

Parcela "E2"

Descrición – URBANA, denominada "E2", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de oitocentos catro metros cadrados (804 ,00 m2)

○ *Lindes*

Norte A nº 482 de Manuel Cores Serantes

Sur Parcela "E1", descrita a continuación

Leste Con a parcela "B2", descrita anteriormente

Oeste A parcela "F", descrita anteriormente e a nº 475 de Manuel Cores Barros

○ *Construcións existentes – Vivenda e dous alboios*

Vivenda 63 m2 / alboio 24 m2 / alboio 170 m2

○ *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO DE NUCLEO RURAL

Cumpre coas condicións de parcela mínima, superficie máxima construída, fronte de parcela, ocupación en planta, edificabilidade e usos do vixente P.X.O.M. de Ribadumia.

O resto da parcela matriz "B1", denominada "E1", queda coas características seguintes:

Parcela "E1"

Descrición – URBANA, denominada "E1", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de novecentos cuarenta e dous metros cadrados (942 ,00 m2)

○ *Lindes*

Norte A parcela "E2", antes descrita

Sur Rio Rande

Leste A parcela "B2", antes descrita

Oeste Victorio Cores Serantes

- *Construcións existentes – Vivenda e un alboio*
Vivenda 82 m² / alboio 102 m²
- *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO DE NUCLEO RURAL

Cumpre coas condicións de parcela mínima, superficie máxima construída, ocupación en planta, edificabilidade e usos do vixente P.X.O.M. de Ribadumia.

7º.- Agrupación das parcelas "E2" y "F"

Se proxecta a agrupación das parcelas "E2" e "F" antes segregadas das parcelas "B1" e "A", resultando unha parcela ("G") coas características seguintes:

Parcela "G"

Descrición – URBANA, denominada "G", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de dez áreas e noventa centíareas metros cadrados (1.090 ,00 m²)

- *Lindes*

Norte A nº 475 de Manuel Cores Barros e a nº 482 de Manuel Cores Serantes

Sur Vitorio Cores Serantes e finca "E1", antes descrita

Leste A parcela "B2", antes descrita

Oeste Estrada de Noalla a Caldas de Reis e a nº 475 de Manuel Cores Barros

- *Esta parcela queda gravada coa servidume de paso en favor da parcela "E1", antes descrita.*

- *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO DE NUCLEO RURAL

8º.- Segregación e agrupación de parcelas en Solo Rústico

Cumprindo coas condicións do artigo 150 da Lei 2/2016, de 10 de Febreiro, e con o obxecto de reorganizar a propiedade nas parcelas sitas en Solo Rústico proxectase a segregación de parte das parcelas existentes ("B2" e "C") para agrupar no mesmo acto resultando, con a parcela "D", dúas novas parcelas "H" e "I".

8.1 Segregación da parcela "B2"

Da segregación resultan as parcelas "B2A" e a parcela "B3A", coas características seguintes:

Parcela B2A

Descrición – RUSTICA, denominada "B2A", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de vinte áreas (2.000,00 m²)

○ *Lindes*

Norte A nº 482 de Manuel Cores Serantes

Sur e *Leste* Parcela "B3A", descrita a continuación

Oeste Parcela "G", descrita anteriormente.

○ *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO RUSTICO COMUN

Parcela B3A

Descrición – RUSTICA, denominada "B3A", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de trinta e dúas áreas e setenta e unha centiáreas (3.171,00 m²)

○ *Lindes*

Norte A nº 482 de Manuel Cores Serantes e parcela "B2A", descrita anteriormente.

Sur Río Rande

Leste A nº 477 de María Josefa Serantes Beloso

Oeste Parcela "E1", descrita anteriormente.

○ *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO RUSTICO COMUN

8.2 Segregación da parcela "C"

Da segregación resultan as parcelas "C1" e a parcela "C2", coas características seguintes:

Parcela C1

○ *Descrición - RUSTICA, denominada "C1", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de vinte áreas e noventa e unha centiáreas (2.091.00 m2)*

○ *Lindes*

Norte A nº 482 de Manuel Cores Serantes e outros.

Sur Río Rande

Leste A parcela "C2", descrita a continuación.

Oeste A parcela "B3A", descrita anteriormente.

○ *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO RUSTICO COMÚN

Parcela C2

○ *Descrición - RUSTICA, denominada "C2", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de vinteunha áreas e coarenta e catro centiáreas (2.144.00 m2)*

○ *Lindes*

Norte A nº 482 de Manuel Cores Serantes e outros.

Sur Río Rande

Leste A nº 479 de Cándido Cores Serantes e outras fincas máis.

Oeste A parcela "C1", descrita anteriormente.

○ *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO RUSTICO COMÚN

8.3 Agrupación das parcelas "B3A" e "C1"

Da agrupación resulta a parcela "H" coas características seguintes:

Parcela H

○ *Descrición - RUSTICA, denominada "H", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de cincuenta e tres áreas e sesenta e duas centiáreas (5.362.00 m2)*

○ *Lindes*

Norte A nº 482 de Manuel Cores Serantes e parcela "B2A", antes descrita

Sur Río Rande

Leste A parcela "C2", descrita anteriormente.

Oeste A parcela "B2A" e a "E1", descritas anteriormente.

- *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO RUSTICO COMÚN

8.4 Agrupación das parcelas "C2" e "D"

Da agrupación resulta a parcela "I" coas características seguintes:

Parcela I

- *Descrición - RUSTICA, denominada "I", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de trinta áreas e noventa e catro centiáreas (3.094.00 m²)*

- *Lindes*

Norte A nº 482 de Manuel Cores Serantes e outros

Sur A nº 480 de Emilio Cores Serantes.

Leste Camiño, Emilio Cores Serantes e Cándido Cores Serantes

Oeste A parcela "H", descrita anteriormente

- *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO RUSTICO COMÚN

9º.- Parcelas Resultantes

Como resultado final das operacións de segregación e agrupación antes descritas obtéñense seis parcelas, tres en Solo de Núcleo Rural e outras tres en Solo Rústico Común. Son as parcelas seguintes:

<i>Resto parcela matriz "A"</i>
--

Nudo Propietario: VICTORIO CORES SERANTES

Usufructuarios: AGUSTIN CORES SERANTES y JOSEFA SERANTES BELOSO

Descrición - URBANA, terreo dedicado a labradío secaño, ao sitio da Granxa, parroquia de Barrantes, municipio de Ribadumia, de mil cincocentos sete metros cadrados (1.507.00 m2)

- *Lindes*

Norte A parcela "G", que se adxudica a María Soledad Cores Serantes

Sur Río Rande

Este A parcela "E1", que se adxudica a Victorio Cores Serantes

Oeste Estrada de Noalla a Caldas de Reis.

- *Construcións existentes segundo o Catastro – 804 m2 construídos con 412 m2 de ocupación da parcela.*

Usos - ocio hostelería 183m2 / almacén 94 m2 / vivenda 147 m2 / vivien da 91m2 / industrial 110 m2 / vivenda 77 m2 / vivienda 77 m2 / deportivo 25 m2

- *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO DE NUCLEO RURAL

Parcela "E1"

Adxudicada a VICTORIO CORES SERANTES

Descrición – URBANA, denominada "E1", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de novecentos cuarenta e dous metros cadrados (942 ,00 m2)

- *Lindes*

Norte A parcela "G", que se adxudica a María Soledad Cores Serantes

Sur Río Rande

Leste A parcela "H", que se adxudica a Victorio Cores Serantes

Oeste Resto parcela matriz "A", de Victorio Cores Serantes

- *Construcións existentes – Vivenda e un alboio*

Vivenda 82 m2 / alboio 102 m2

- *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO DE NUCLEO RURAL

Parcela "G"

Adxudicada a MARIA SOLEDAD CORES SERANTES

Descrición – URBANA, denominada "G", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de dez áreas e noventa centiáreas metros cadrados (1.090,00 m2)

○ *Lindes*

Norte A nº 475 de Manuel Cores Barros e a nº 482 de Manuel Cores Serantes

Sur Vitorio Cores Serantes e finca "E1", que se adxudica a Vitorio Cores Serantes

Leste A parcela "B2A", que se adxudica a María Soledad Cores Serantes

Oeste Estrada de Noalla a Caldas de Reis e a nº 475 de Manuel Cores Barros

○ *Esta parcela queda gravada coa servidume de paso en favor da parcela "E1", antes descrita.*

○ *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO DE NUCLEO RURAL

Parcela B2A

Adxudicada a MARIA SOLEDAD CORES SERANTES

Descrición – RUSTICA, denominada "B2A", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de vinte áreas (2.000,00 m2)

○ *Lindes*

Norte A nº 482 de Manuel Cores Serantes

Sur e Leste Parcela "H", que se adxudica a Vitorio Cores Serantes

Oeste Parcela "G", que se adxudica a María Soledad Cores Serantes

○ *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO RUSTICO COMUN

Parcela H

Adxudicada a VICTORIO CORES SERANTES

Descrición - RUSTICA, denominada "H", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de cincuenta e tres áreas e sesenta e duas centiáreas (5.362.00 m2)

○ *Lindes*

Norte A nº 482 de Manuel Cores Serantes e parcela "B2A", que se adxudica a María Soledad

Cores Serantes

Sur Río Rande

Leste A parcela "I", que se adxudica a Luisa Cores Serantes

Oeste A parcela "B2A" e a "E1", que se adxudica a María Soledad Cores Serantes e que se adxudica a Victorio Cores Serantes, respectivamente

- *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO RUSTICO COMÚN

Parcela I

Adxudicada a LUISA CORES SERANTES

Descrición - RUSTICA, denominada "I", situada no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes, Concello de Ribadumia, adicada a labradío secaño, de trinta áreas e noventa e catro centiáreas (3.094.00 m²)

- *Lindes*

Norte A nº 482 de Manuel Cores Serantes e outros

Sur A nº 480 de Emilio Cores Serantes.

Leste Camiño, Emilio Cores Serantes e Cándido Cores Serantes

Oeste A parcela "H", que se adxudica a Victorio Cores Serantes,

- *Clasificación e calificación urbanística:*

SOLO RUSTICO COMÚN

10º.- Conclusións

*Polo exposto anteriormente **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o Proxecto presentado de agrupación e segregación de parcelas no lugar dos Castaños, parroquia de Barrantes".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenzia urbanística á **Dna. María Josefa Serantes Beloso, D. Victorio Cores Serantes, Dna. Soledad Cores Serantes e Dna. Luisa Cores Serantes**, con domicilio a efectos de notificación na rúa A Torre, nº 25, parroquia de Barrantes, no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de "**Agrupación e segregación de parcelas**", no lugar de Os Castaños, na

parroquia de Barrantes e de acordo co informe do Arquitecto.

2º.1.- OUTRAS LICENCIAS URBANÍSTICAS.-

Visto o expediente tramitado a instancia de **D. Jaime Manuel Gil Lorenzo**, no que consta que tñase concedido licenza urbanística, con número de expediente 34/2010 concedida por acordo de X.G.L. de 24 de Maio de 2.010, para "**Construcción de unha vivenda unifamiliar**" a nome de "Pablo Lorenzo Feijoo", na rúa Mosqueiro, na parroquia de Sisán, nas parcelas con Ref. Catastral. 8141610NH1084S0001UB e 36046A003001970000YS, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 24 de maio de 2010, e téndose solicitado o cambio de titularidade da mesma a favor de **Jaime Manuel Gil Lorenzo**.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que:

" 1.- Documentación achegada

- *Solicitud de cambio de titularidade en licenza para a construción de vivenda unifamiliar, coa conformidade da propietaria e titular da licenza.*
- *Escritura de compraventa do inmovible*

2.- Situación urbanística

*A parcela sinalada no epígrafe está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, publicado no BOP de 11 de abril de 2001 como **SOLO DE NUCLEO RURAL (SNR)** a desenvolver segundo a ordenanza de aplicación que ven recollida no Título VIII da Normativa Urbanística do P.X.O.M., artigos 183 ó 192 .*

A edificación construída respeta as condicións do proxecto aprobado e da licenza foi concedida por acordo de X.G.L. de 24 de Maio de 2.010 a nome de D. Pablo Lorenzo Feijoo".

A Xunta de Goberno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda concede-lo cambio de titularidade solicitado polo interesado para que a licenza urbanística, con número de expediente 34/2010 concedida por acordo de X.G.L. de 24 de Maio de 2.010, para "**Construcción de unha vivenda unifamiliar**" a nome de "Pablo Lorenzo Feijoo" na rúa Mosqueiro, na parroquia de Sisán, nas parcelas con Ref. Catastral. 8141610NH1084S0001UB e

36046A003001970000Y, se conceda a nome de **D. Jaime Manuel Gil Lorenzo**, e de acordo co informe do Arquitecto.

3º.- AUTORIZACIÓN DE FUNCIONAMIENTO E APERTURA.-

Sométese á consideración da Xunta de Goberno os escritos de comunicación previa de Actividade e cambios de titularidade que se relacionan a continuación, concedéndose autorización de actividade e apertura, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

3º.1.- AUTORIZACIÓNS DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.-

3º.1.1.- Autorizacións de funcionamento e apertura de "FURANCHO".-

Expdt. AC05/17.- Dase conta da comunicación previa que se presenta a instancia de **D. ANDRÉS OTERO RODIÑO**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Sisenla, nº1, na parroquia de Sisán, sita no Concello de Ribadumia, pola que comunica o inicio de actividade de "**FURANCHO**" sito no lugar do seu domicilio, Ref. Catastral. 7251909NH1075S0000RO e 7251909NH1075S0001TP.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte "*Que a parcela onde se pretenden levar a cabo as obras, están clasificada como **SOLO DE NÚCLEO RURAL** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativa.*

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo II do Título VIII de dito PXOM, artigos 185 ó 192, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]

c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en suas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará

íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. [.../....]

O sólo de núcleo rural ven regulado na lei, na Sección 2.- Núcleos Rurais, Subsección 1.- Delimitación e Réxime, artigos 23 e 24; e na subsección 2.- Condicións de uso, artigos 25 e 26.

Segúndo se establece no apartado 3.- A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

Os núcleos no concello de Ribadumia, non dispoñen de estudo no que se identifique cales son os que atópanse na situación de consolidado ou non consolidado, polo que entendese que deberase adoptar a situación máis desfavorable. Terase, por tanto, en conta o establecido na lei do solo de Galicia, e aplicaráselle íntegramente o disposto na presente lei para o SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento”, regulado nos artigos 24 ó 30.

EDIFICACIÓN EXISTENTE

Nas parcelas consta a existencia dunhas edificación construídas no ano 1.860 e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca, expediente de infracción urbanística.

USO SOLICITADO

O propietario presenta comunicación previa de FURANCHO para a venda do excedente de 950 litros de viño, no periodo comprendido entre o 17/03/17 de o 17/05/17.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Regulamento da actividade de furanchos e loureiros do concello de Ribadumia e Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola autorización de apertura de furanchos do 29 de febreiro de 2016.

DOCUMENTACIÓN APORTADA

Que presenta a seguinte documentación asinada en febreiro de 2.017 pola arquitecta Dña. Eva Abal Serantes, colexiada 11.017 do C.O.A.G.:

- Memoria descriptiva da actividade, , na que se describe o local, a parcela e o entorno; xustifica a normativa urbanística e as condicións do local.*
- Xustificación do cumprimento do DB-SI do CTE E no que se establece unha superficie útil adicada o furancho de 62,69 m² e una ocupación de 24 persoas.*
- Memoria de actividade.*
- Valoración das instalacións contra o lume.*
- Documentación gráfica.*
- Certificación técnica de Solidez e Seguridade*
- Copia das consultas gráficas e descritivas do catastro da parcela.*

Xustificante de abono das taxas de furancho, por importe de 60 € correspondente o tramo que establece a ordenanza de ata 1.000 litros.

Anexos I e II da ordenanza de furanchos cumprimentados e asinados polo solicitante.

Documento xustificativo dos excedentes de viño, asinado o 09/03/17 polo Enxeñeiro técnico Agrícola D. Luciano Amoedo Rodiño.

Declaración de colleita do 13/02/17, emitida polo Fondo Galego de Garantía Agraria-Pontevedra da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

Certificado de formación de higiene alimentaria para la manipulación de alimentos, a favor de Rita Rodríguez Miranda (76.811.530-W).

Certificado de seguro de R.C.PYME, durante o tempo solicitado, emitido por Allians Seguros, a nome do solicitante para actividade de Bares, Cafeterías, Terrazas, heladerías, mesones e tabernas por importe de 300.000 € por sinistro e 900.000 € límite anual (póliza nº 40887710).

O día 15/03/2.017 xiren visita o lugar e poden comprobar que as instalacións coinciden coas que figuran na documentación técnica aportada.

Emítase **INFORME FAVORABLE** para a o FURANCHO, sempre e cando se cumbran as condicións deste informe e as establecidas no concello.

Se deberá proceder a súa inscrición no rexistro municipal de furanchos de Ribadumia, tal e como se establece no Artigo 13 da ordenanza de furanchos:

"ARTIGO 13. DO REXISTRO MUNICIPAL DE FURANCHOS DE RIBADUMIA

1. O concello creará un "Rexistro Municipal de Furanchos e Loureiros de Ribadumia" para a inscrición de oficio de todos os furanchos que cumbran os requisitos esixidos e desenvolvan a súa actividade dentro do termo municipal de Ribadumia, e para a recollida de toda a información esixida na presente ordenanza municipal.

2. O Concello de Ribadumia dará traslado do seu contido aos órganos competentes en materia de turismo, facenda, medio rural e sanidade.

3. Os datos mínimos do rexistro municipal de furanchos de Ribadumia serán os establecidos no anexo III da presente ordenanza".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres, asistentes acorda:
1º.- Darse por enterada do escrito presentado por **D. ANDRÉS OTERO RODIÑO**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Sisenla, nº1, na parroquia de Sisán, sita no Concello de Ribadumia, polo que presenta comunicación previa de actividade de "**FURANCHO**", sito no lugar do seu domicilio acordándose, autorizar a actividade, de acordo coa visita e a acta de comprobación e inspección técnica emitida.

3º.1.2.- Autorización de funcionamento e apertura de "PARQUE INFANTIL CON CAFETERIA".-

Expdt. AC06/17.- Dase conta da comunicación previa que se presenta a instancia de Dña. Vanesa Martínez Señorans, en representación de **WAU WAU BARRANTES**, con domicilio a efectos de notificación en Calexón Loureiro, nº 8, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, pola que comunica o inicio de actividade de "**PARQUE INFANTIL CON CAFETERIA**" nun local sito no lugar do seu domicilio.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta o seguinte "**Acta de Inspección**

Onte día 23 de Marzo realicei visita de inspección aos locais comprobando a adaptación dos mesmos ás características descritas no proxecto e plano modificado,

incluso as instalacións de PCI, luces de emerxencia e demais, polo que se subscribiu Acta de comprobación de acordo co regulado no Regulamento (RIAE)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres, asistentes acorda:
1º.- Darse por enterada do escrito presentado por Dna. Vanesa Martínez Señorans, en representación de **WAU WAU BARRANTES**, con domicilio a efectos de notificación en Calexón Loureiro, nº 8, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que presenta comunicación previa de actividade de "**PARQUE INFANTIL CON CAFETERIA**" nun local sito no lugar do seu domicilio, autorizando a actividade, vista a acta de comprobación e inspección técnica emitida por o arquitecto.

3º.2.-CAMBIOS DE TITULARIDADE.-

3º.2.1.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE "TALLER DE REPARACIÓN DE AUTOMOVILES".

Visto o expediente tramitado a instancia de D. Gabriel Chantada Cobas, con domicilio no lugar de Liñar, nº 37A, no concello de Portas, en representación de **TALLERES D&M C.B.**, no que consta que tññase concedido licenza para a actividade de "**TALLER DE REPARACIÓN DE AUTOMOVILES**" a nome de Pedreira Motor,S.L. no lugar de Pontearnelas, nº 15, na parroquia de Leiro, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 26 de xuño de 1998, e téndose solicitado o cambio de titularidade da mesma a favor de **TALLERES D&M C.B.**

Visto que consta no expediente copia do NIF, copia da licenza de actividade, do acordo de cambio de domicilio social de Talleres D&M, da formalización dunha comunidade de bens, copia do modelo 036 e cumpridos os preceptivos trámites.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda concede-lo cambio de titularidade solicitado polo interesado para que a Licencia de Actividade concedida á "Pedreira Motor,S.L." no lugar de Pontearnelas, nº 15, na parroquia de Leiro, para actividade de "**TALLER DE REPARACIÓN DE AUTOMOVILES**", se conceda a nome de **TALLERES D&M C.B.**, previo pago das Taxas correspondentes.

3º.2.2.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE "NAVE PARA A VENTA DE PRODUCTOS AGRICOLAS E FITOSANITARIOS".

Visto o expediente tramitado a instancia **SUMINISTROS AGRICOLAS TERRA S.L.** no que consta que tññase concedido licenza para a actividade de **"NAVE PARA A VENTA DE PRODUCTOS AGRICOLAS E FITOSANITARIOS"** a nome de D. Oscar Cores Moldes, no lugar de Cruceiro Vello, nº 19, na parroquia de Ribadumia, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 12 de marzo de 2001, e téndose solicitado o cambio de titularidade da mesma a favor de **SUMINISTROS AGRICOLAS TERRA S.L.**

Visto que consta no expediente copia da licenza de actividade, contrato de arrendamento e cumpridos os preceptivos trámites.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda concede-lo cambio de titularidade solicitado polo interesado para que a Licencia de Actividade concedida á "D. Oscar Cores Moldes" no lugar de Cruceiro Vello, nº 19, na parroquia de Ribadumia, para actividade de **"NAVE PARA A VENTA DE PRODUCTOS AGRICOLAS E FITOSANITARIOS"**, se conceda a nome de **SUMINISTROS AGRICOLAS TERRA S.L.**, previo pago das Taxas correspondentes.

3º.2.3.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE "ALMACÉN E VENTA DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS".

Visto o expediente tramitado a instancia **SUMINISTROS AGRICOLAS TERRA S.L.** no que consta que tññase concedido licenza para a actividade de **"ALMACÉN E VENTA DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS"** a nome de D. José Carlos Lorenzo Pombo, no lugar de Pontearnelas, na parroquia de Leiro, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 3 de xaneiro de 2002, e téndose solicitado o cambio de titularidade da mesma a favor de **SUMINISTROS AGRICOLAS TERRA S.L.**

Visto que consta no expediente copia da licenza de actividade, contrato de arrendamento e cumpridos os preceptivos trámites.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda concede-lo cambio de titularidade solicitado polo interesado para que a Licencia de Actividade concedida á "D. Jose Carlos Lorenzo Pombo" no lugar de

Pontearnelas, na parroquia de Leiro, para actividade de **"ALMACÉN E VENTA DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS"**, se conceda a nome de **SUMINISTROS AGRICOLAS TERRA S.L.**, previo pago das Taxas correspondentes.

4º.- OUTROS ASUNTOS.-

4º.1 APROBACIÓN DO PROXECTO ANUAL DE SERVICIOS SOCIAIS E SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR AXUDA PARA COFINANCIAMENTO DOS SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE 2017.-

De acordo co establecido no Decreto da Consellería de Traballo e Benestar 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os Servicios Sociais comunitarios e o seu financiamento, e á vista do Proxecto anual de servicios sociais que presenta a responsable do departamento de Servicios sociais, co seguinte resumo:

Programa	Aportación municipal	Copagos SAF e taxas pais gardería	Subvención solicitada	Coste total
Servicios Sociais comunitarios	38.249,71		16.815, 00	55.064,71
Educador familiar	Concello: 28.557,33 Deputación: 7.506, 50			36.063, 83
Auxiliar Administrativo/a	16.608,04 Concello: 10.593,54 Deputación: 6.014, 50			16.608,04
Mantemento	1.473, 65		0, 00	1.473, 65
Axuda no fogar básica	Concello: 7.474, 95 Deputación: 15.775, 05	250, 00		23.500, 00
Axuda SAF dependencia	1.878,00	14.100, 00	113.606, 40	129.584, 40
Apoio unidade convivencia: Plan Madruga	700, 00	5.000, 00	1.400, 00	7.100,00
Apoio unidade convivencia: Escola de Ocio	500, 00	7.000, 00	1.000, 00	8.500, 00
Apoio unidade convivencia: Escola infantil 0-3 anos	87.931, 69	60.100, 00	63.400, 00	211.431, 69

Actuac. Prevenc e inserción: Curso de manualidades destinado ao colectivo muller	1.533,31	1.385,00		2.918,31
Actuac. Prevenc e inserción: Atención e asesoramento mulleres. CIM	8.000, 00			8.000, 00
Actuac. Prevenc e inserción: Programas ONG's	1.000, 00		4.000, 00	5.000, 00
Actuac. Prevenc e inserción: Emerxencia Social	22.400,00 Concello: 14.900,00 Deputación: 7.500		5.600, 00	28.000, 00
Actuac. Prevenc e inserción: Prevención drogodependencia	700, 00		2.800, 00	3.500, 00
Actuac. Prevenc e inserción: Fogar dos maiores	7.550, 00	5.250, 00	3.200, 00	16.000, 00
Prest. Complem.: Fomento de cooperac.: Voluntariado Social Outros: B.A.T.A. Teleasistencia:	1.000, 00 6.000, 00 950,00		650, 00 1.500, 00	1.650, 00 7.500, 00 950, 00
TOTAIS:	CONCELLO: 218.992, 18 DEPUTAC.: 36.796, 05	93.085, 00	213.971, 40	562.844, 63

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes,
ACORDA:

1º.- Aproba-lo Proxecto de Servicios Sociais para o ano 2017.

2º.- Solicitar da Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento,

3º.- Prestar aprobación ó importe total do financiamento solicitado, segundo o resumo anterior, que é de 562.844,63 euros.

- Persoal:..... 107.736, 58
- Mantemento:..... 1.473, 65
- Axuda no fogar (básico e dependencia):..... 153.084, 40
- Xestión de programas:..... 300.550, 00

4º.- Facer constar que, segundo consta na ficha de prestación de

proxectos para o 2017 elaborada pola Asistente Social, continúa a prestación dos servizos nas mesmas condicións do ano anterior; e

5º.- Adoptar acordo de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ó exercicio de 2017 na contía de 348.873, 23 € (incluídas as aportacións que conceda a Deputación Provincial para educador familiar e axuda no fogar básico e emerxencia social e os copagamentos), que supón unha porcentaxe do 61,98 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

4º.2.- MEMORIA DO PROXECTO ANUAL DE SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2016.-

Dase conta da memoria do Proxecto Anual de Servizos Sociais Comunitarios correspondente ó exercicio de 2016, na que se reflicten os distintos servizos prestados e programas levados a cabo de servizos comunitarios; Educador Familiar; Auxiliar de Servizos Sociais, Axuda no Fogar básico e de dependencia; Programas de fomento de cooperación (Banco alimentos, Amigos de Galicia, voluntariado, emerxencia social, axudas libros de texto..); Programas de apoio á unidade de convivencia (Escola de ocio, Plan Madruga, prevención de drogodependencia, Escola infantil, teleasistencia...); Programas de actuacións específicas de prevención e inserción social (C.I.M. comarcal, Fogar dos maiores, Convenio con BATA...)

Vistas a conta xustificativa da realización de ditos Programas e servizos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á Memoria do Proxecto de Servizos Sociais comunitarios de titularidade municipal correspondente ó exercicio de 2016, co seguinte resumo:

Programa	Aportación municipal con remanente incluído	XUNTA	Subvención XUNTA	Coste total
Traballadora Social	38.249,71	16.815,00		55.064,71
Educador familiar	32.546,51 Deput: 7.506,50 Concello: 25.040,00			32.546,50
Auxiliar administrativo/a	6.630,14			6.630,14

	Deput:2.506,04 Concello:4.124,10			
Axuda no fogar (Prestación Básica)	17.733,41 Concello: 0,00 Copagamento: 109,06 Deputac: 16.642,35			17.733,41
Axuda lei dependencia	21.121,00 Copagam: 18.097,93 Concello: 3.023,07	97.530,17		118.651,17
Programa de Inserción Social	5.643,69 Deput: 4.293,69 Concello: 1.350,00			5.643,69
Proxecto de Cooperación e Colaboración con Organizacións Non Gubernamentais	4.680,43			4.680,43
Servizo de Voluntariado Social	1.170,65			1.170,65
Mantemento	1.473,65			1.473,65
Fogar de Maiores	26.588,99 Copag: 6.810,00 Concello: 13.458,92 Deputac: 6.320,07			26.588,99
Centro de Información á Muller	7.014,93			7.014,93
Plan de Integración Sociolaboral de persoas discapacitadas	9.278,69			9.278,69
Escola de Ocio e Tempo Libre	45.108,68 Copag: 14.316,00 Concello: 25.736,66 Deput: 5.056,02			45.108,68
Gardería Municipal	156.987,24 Copag:66.295,38 Concello: 90.691,86	42.000,00		198.987,24
Plan Madruga	14.425,32 Copag: 7.437,50 Concello: 4.459,81 Ceput: 2.528,01			14.425,32
Programa de Teleasistencia	1.097,19			1.097,19
I Plan de Igualdade de Oportunidades	2.420,00 Deput: 2.420,00 Concello: 0,00			2.420,00
Curso de manualidades destinado ó colectivo muller	2.918,31			2.918,31
Prevención de Alcoholismo e Drogas	3.106,85			3.106,85
TOTAIS:	398.195,39	156.345,17		554.540,55

SEGUNDO.- Que os gastos que integran dita conta e recollidos na memoria xustificativa son reais e se aplicaron ás finalidades subvencionadas.

4º.3- INFORME DO DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS SOBRE TARXETA DE ESTACIONAMENTO CON DISCAPACIDADE.-

Dáse conta do informe emitido pola Traballadora Social dos Servicios Sociais Comunitarios de data 21 de marzo de 2017, no que informa que "D. Edelmiro Serantes Barral, con D.N.I 35.418.433-C e con domicilio en Rúa da Bouza (Cruceiro Vello), 17 – Ribadumia, ten dereito a tarxeta de estacionamento con discapacidade, en base ao informe emitido polo equipo de valoración de discapacidade, onde se aprecia a dificultade de mobilidade para utilizar transportes colectivos do solicitante de forma definitiva".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda: Aprobar a tarxeta de estacionamento con discapacidade proposta pola Traballadora Social.

5º.- CONCURSO DE DESEÑO GRÁFICO DE CAMISETAS.-

Dase conta das bases redactadas para a celebración do Concursos de Deseño Gráfico a celebrar durante a "**XLV EDICIÓN DA FESTA DO VIÑO TINTO**" que ten coma obxectivo premiar ás máis orixinais cuxo deseño fagan referencia á exaltación do Viño Tinto e na que poderán participar as "Peñas" participantes na Festa do Viño Tinto.

Para participar no concurso deberá presentarse un exemplar da camiseta impresa, nas dependencias do Concello, antes das 14:00 horas do día 20 de maio de 2017.

Coa presentación da camiseta, a/as persoa/as responsables da representación da "Peña" deberán entregar un **sobre pechado** no cuxo interior deberán constar os seguintes datos: Nome da peña, integrantes da mesma, teléfono de contacto e lema da camiseta.

Un xurado designado ó efecto valorará os traballos presentados; dito xurado estará composto por: unha persoa con experiencia no debuxo e vínculos coa Festa do Tinto, unha persoa con experiencia en fotografía e vínculos coa Festa do Tinto e tres persoas entre o persoal Técnico e Monitores Culturais do Concello de Ribadumia.

As peñas participantes deberán estar compostas por un mínimo de cinco membros.

Unha mesma peña ou calquera dos seus membros integrantes, non poderá presentar máis dunha camiseta.

Dase conta así mesmo dos premios a outorgar que consistirán:

- 1º premio: 200 euros
- 2º premio: 100 euros
- 3º premio: 50 euros

Os premios entregaránse o sábado 3 de xuño, na Carballeira de Barrantes, durante os actos centrais da cata final, as 12:30 horas, dentro da programación da XLV Festa do Viño Tinto do Salnés.

O xurado poderá modificar as datas e horario de entrega de Premios, que lles será notificado a todas as peñas presentadas a concurso.

O xurado resérvase o dereito de rexeitar a participación no concurso de aquelas camisetas que sexan contrarias ó espírito lúdico e festeiro.

Coas camisetas participantes realizarase unha exposición na Carballeira de Barrantes o día 3 de xuño

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda prestarlle aprobación ás devanditas bases e aprobalo gasto correspondente.

6º.- PRESUPOSTO PARA O CONTROL ANUAL DE AUGAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE RIBADUMIA.-

Dáse conta do orzamento presentado por Manuel A. Vicente Santiago, en representación de TECNATUR, para a realización do control anual de augas municipais, por un importe total de 3.264,58.-€ (IVE incluído).

Os traballos consistirían no análise anual de auga de 10 fontes públicas, análise en establecementos deportivos de uso público (campos de fútbol, ximnasios e pavillóns polideportivos), análise mensual na piscina pública municipal dende xuño a setembro e análise na auga de consumo público da rede do Concello de Ribadumia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Srs. Asistentes acorda dar aprobación á oferta presentada por TECNATUR, por importe total de 3.264,58.-€ para o control anual de augas municipais, autorizando o gasto correspondente.

7º.- CONTA XUSTIFICATIVA DA LIÑA 2 DO PLAN DE COOPERACIÓN 2016 ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL: GASTO CORRENTE.-

Dase conta de que con cargo ó Plan de Cooperación 2016 da Deputación Provincial para obras e servizos de competencia municipal, dentro da Liña 2 de "gasto corrente", solicitouse axuda para o financiamento do "Mantemento de servizo de alumeado público e do servizo de recollida e tratamento de lixo", nun importe de 64.861,49 euros e con data 29 de marzo de 2017 remitiuse a conta xustificativa da axuda concedida para tal fin.

Visto que pola Deputación Provincial tense comunicado que non procede incluír na devandita xustificación gastos dos servizos que figuraran aprobados no mes de xaneiro de 2016, por ser anteriores á data de solicitude da axuda, sométese á consideración da Xunta de Goberno a conta xustificativa rectificadora que se presenta pola Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

PRIMEIRO.- Declarar que para o mantemento dos "Servizo de recollida domiciliaria de lixo, recollida selectiva e punto limpo e Servizo de alumeado público" se lle concedeu unha subvención, con cargo ó Plan de Cooperación 2016 da Deputación Provincial para obras e servizos de competencia municipal (Liña 2 de gasto corrente), por importe de 64.861,49 euros, e se realizaron os gastos que se relacionan na conta xustificativa:

- Servizo de recollida domiciliaria de lixo, recollida selectiva e punto limpo.
- Servizo de alumeado público.

SEGUNDO.- Que os gastos que integran dita conta son reais e se aplicaron á finalidade subvencionada e foron reflectidos na contabilidade municipal.

TERCEIRO.- Declarar que a este Concello non lle foi concedido ningunha outra axuda para o mesmo fin.

CUARTO.- Que o custo total dos servizos ascendeu á cantidade de 348.222,23 euros.

8º.- NOMEAMENTO COMISIÓN DE ESCOLARIZACIÓN.

Dase conta da comunicación recibida pola Xefatura Territorial da Consellería de Educación de Pontevedra na que se solicita que, ós efectos de constitución da Comisión de Escolarización, se nomee a un representante deste Concello, segundo o establecido no artigo 16.1 d) do Decreto 254/2012, de 13 de decembro, pola que se regula a admisión de alumnado no segundo ciclo de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acordou designar a tal efecto ó Tenente de Alcalde D. J. Enrique Oubiña Lago.

9º.- FINALIZACIÓN DO CONTRATO DA XESTIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR E PRÓRROGA FORZOSA DO MESMO.-

Dase conta que con data 25 de marzo de 2011 dictouse resolución de adxudicación da xestión indirecta do servizo de AXUDA NO FOGAR neste Concello, a favor de ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA S.L., segundo acordo adoptado polo Pleno Municipal en sesión de 10 de febreiro, téndose asinado o correspondente contrato con data 4 de abril de 2011.

Visto que con data 29 de marzo de 2016 acordouse conceder unha segunda prórroga por período dun ano, que finalizou o día 3 de abril.

Tendo en conta que estase realizando as xestións para iniciar un novo procedemento de licitación e a redacción do prego de cláusulas administrativas e técnicas para a adxudicación da xestión do devandito servizo de Axuda no Fogar.

Tendo en conta que o Prego de Cláusulas administrativas que rexeron o procedemento de adxudicación, de xestión do servizo municipal de AXUDA NO FOGAR do Concello de Ribadumia, no seu artigo 5º establece que : "*O contrato terá unha duración de catro anos, computados a partir da formalización de dito contrato.*

Poderase acordar unha prórroga por períodos dun ano, ata o máximo de dous anos máis (en total non pode superar os seis anos), sempre que se solicite

e se acorde, expresamente, polas partes contratantes antes de finalizar o prazo de finalización do contrato.-

O ente concedente, transcorrido ese prazo de dous anos, poderá impor ó concesionario unha prórroga forzosa.

A Xunta de Goberno Local, á vista do anterior, e co fin de garantir a continuidade na prestación do servizo, acorda:

PRIMIERO.- A prórroga forzosa do contrato de adxudicación da xestión indirecta do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, a favor de Achega Atención Domiciliaria S.L., nas mesmas condicións que se ven prestando, e ata que finalice o novo procedemento de adxudicación que se ven tramitando.

e, en todo caso, segundo o establecido no Prego de Cláusulas particulares e técnicas que serviu de base para a devandita adxudicación.

SEGUNDO.- Que se notifique o presente acordo a Achega Atención Domiciliaria S.L., ós efectos oportunos.

10º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBADUMIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE FUTBOL PARA A ORGANIZACIÓN DA XXIII COPA DE CAMPIONS DA DIVISION DE HONRA XUVENIL 2017.-

Dase con da Convenio coa Federación Galega de Fútbol para establecer as bases de colaboración deportiva, organizativa e económica para a celebración de unha fase de cuartos de final da XXIII Copa de Campións da División de Honra Xuvenil 2017 no municipio de Ribadumia.

Dase conta do contido do convenio, así como da financiación da actividade, indicando que o Concello de Ribadumia aportará a Federación como colaboración para os gastos de celebración da competición a cantidade de 3.000€, ademais dos outros gastos necesarios e requeridos para a adecuación do Campo de fútbol A Senra e das súas instalacións, os cales están recollidos na cláusula segunda do Convenio.

Os compromisos da Federación Galega de Fútbol realizaranse de acordo coa cláusula terceira do convenio e avixencia deste, exténdese ata una vez celebrado o evento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

PRIMEIRO.- Dase por enterada do contido do Convenio suscrito, ratificando o seu contido, en tódolos seus extremos.

11º.- PAGOS E FACTURAS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda prestarlle aprobación ós seguintes pagos e facturas:

<i>Achega.- SAF Dependencia - marzo</i>	<i>11.316,87</i>
<i>Achega.- SAF Libre - marzo</i>	<i>1.742,40</i>
<i>Ixo Galicia.- Reparación contedores e tapas</i>	<i>853,05</i>
<i>RB Soluciones.- Proxecto consultoría adaptación LOPD</i>	<i>2.335,30</i>
<i>D.G.I.- Adquisición ordenadores portátiles varios</i>	<i>659,00</i>
<i>SPL.- Gasóleo A (Camión do lixo)</i>	<i>1.338,48</i>
<i>SPL.- Gasóleo A (Tractor, vías e obras)</i>	<i>811,20</i>
<i>Automoción la Junquera.- Reparación vehículo C-9819-BY</i>	<i>790,89</i>
<i>Mancomunidade do Salnés.- Consumo auga mes febreiro</i>	<i>7.428,45</i>
<i>Construcciones, obras e viales.- Asfalto e aglomerado para vías</i>	<i>1.841,11</i>
<i>Termocalor.- Mantemento instalacións térmicas 2017 Colexio Julia Becerra</i>	<i>695,75</i>
<i>Jacobo Núñez (Agronuma).- Arreglos tractor New Holland</i>	<i>2.995,24</i>
<i>Rigel.- Cuota anual sistema seguridade Concello</i>	<i>4.689,96</i>
<i>Barbatana.- Clases pilates marzo</i>	<i>1.028,50</i>
<i>Sogama.- Tratamento residuos urbanos marzo</i>	<i>11.484,98</i>
<i>Anpa Colexio Julia Becerra.- Catering comedor mes de marzo</i>	<i>1.500,00</i>
<i>Jesús María Diéguez Pazos.- Asesoramiento urbanismo e obras, mes marzo</i>	<i>3.025,00</i>
<i>U. Fenosa Distribuc. - dereitos acometida - Outeiral 23 A.P.</i>	<i>30,07</i>
<i>U. Fenosa Distribuc. - dereitos acometida - Conchidos 008 pozo</i>	<i>1.092,92</i>
<i>U. Fenosa Distribuc. - dereitos acometida - Cabanelas piscina</i>	<i>129,29</i>
<i>U. Fenosa Distribuc. - dereitos acometida - Avda. Ribadumia 21 BJ</i>	<i>30,07</i>
<i>Querubines.- Xestión Escola Municipal Infantil - marzo</i>	<i>11.195,57</i>
<i>Afyt.- Servizo asesoramento laboral - marzo</i>	<i>655,82</i>
<i>R.- Telefonía mes marzo</i>	<i>1.098,30</i>

E non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as trece horas e quince minutos de todo o cual eu, como Secretaria, dou fe.-